



ACORDO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA O APOIO AOS INVESTIMENTOS NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS PARA OS AGRICULTORES NOVOS E PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS, DURANTE A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA (PDR 2014-2020)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que a Consellería do Medio Rural ten previsto formalizar coas seguintes entidades financeiras: ABANCA Corporación Bancaria; BANCO CAIXA GERAL; GRUPO COOPERATIVO CAJAMAR; BANCO PASTOR; BANCO POPULAR ESPAÑOL; BANCO SABADELL GALLEGO; BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA (BBVA); CAIXABANK; CAIXA RURAL GALEGA; BANCO GRUPO SANTANDER; CAJA RURAL DE ZAMORA, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue todo o período de programación establecido no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014-2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer no ámbito territorial de Galicia, a forma e condicións na que deberá desenvolverse a colaboración entre a Consellería do Medio Rural e as Entidades Financeiras adheridas ao Acordo, para a instrumentación de préstamos a interese preferente, para os titulares de explotacións agrarias acollidos a programas específicos regulados no marco das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (procedemento MR405A), a creación de empresas para os agricultores novos (procedemento MR404A) e a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións (procedemento MR405B) establecidas no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: que Consellería do Medio Rural, mediante o decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, ten encomendadas entre outras as funcións de executar a política da Xunta no sector agrario, para o cal pode levar a cabo todo tipo de accións que contribúan á mellora do sistema produtivo agrario e ao seu desenvolvemento equilibrado e integrado, podendo establecer acordos,





con entidades de dereito público ou privado, para o mellor exercicio das súas funcións e, mesmo, captar sistemas de apoio e financiamento co obxectivo da mellora do sector.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Belén María do Campo Piñeiro

Documento asinado dixitalmente

